

O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD), en sesión celebrada o 13 de Novembro de 2025, con relación ao expediente **41/2025** examinou a Proposta de Resolución formulada polo Instrutor, D. XXXXXXXXXX, de data 29 de setembro de 2025 así como as Alegacións presentadas por D. XXXXXXXXXX, e procedeu ditar a seguinte RESOLUCIÓN, por unanimidade, desestimando as alegacións presentadas e confirmando a sanción proposta.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD) acordou a incoación do Expediente Sancionador núm. 41/2025 o 10 de xullo de 2025 contra D. XXXXXXXXXX, Presidente da Federación Galega de XXXXXXXX.

SEGUNDO.- Os feitos imputados céntranse na concesión por parte da FGXXXXXX ao expedientado dun crédito persoal de 50.000 euros, formalizado o 29 de decembro de 2022. As condicións do préstamo eran altamente beneficiosas: tipo de interese do 0% e un vencemento de catro anos prorrogables. O préstamo tiña como finalidade atender un pago urxente dun préstamo hipotecario persoal do Presidente.

TERCEIRO.- O crédito foi aprobado pola Xunta Directiva (JD) da FGXXXXXX o 23 de decembro de 2022, coa abstención do Presidente. A operación incorporouse á contabilidade do exercicio 2023 como "Investimentos Financeiros a longo prazo", e ditas contas foron aprobadas pola Asemblea Xeral (AG) o 25 de xuño de 2024. O préstamo foi devolto integramente de forma anticipada en novembro de 2024.

CUARTO.- A proposta de resolución formulada polo Instrutor, D. XXXXXXXXX, de data 29 de setembro de 2025, declarou probada unha infracción moi grave tipificada no artigo 116, letra ñ) da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia ("ou abuso de autoridade ou o aproveitamento particular e ilexítimo do cargo"), proponendo unha sanción de inhabilitación de OITO MESES para ocupar cargos en calquera federación deportiva.

QUINTO.- O expedientado presentou alegacións á proposta de resolución o 16 de outubro de 2025, solicitando o arquivo do expediente por Infracción do deber de

separación entre a fase instrutora e resolutoria (Art. 63.1 da Lei 39/2015), xa que a proposta notificouse indicando que fora "acordada por unanimidade polo Pleno" , e pola **inexistencia de ilexitimidade**, dada a aprobación pola Xunta Directiva (con abstención do interesado) e a ratificación expresa pola Asemblea Xeral.

Subsidiariamente se solicitaba a redución da sanción prevista para infracción grave (multa de 1.000 € ou inhabilitación dun mes), considerando a ausencia de prexuízo económico e a cancelación anticipada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- COMPETENCIA.- O Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD) ten atribuída a competencia para ditar a presente Resolución, xa que é o órgano administrativo superior da xurisdición deportiva no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O exercicio da potestade sancionadora en materia administrativo-deportiva corresponde á Administración deportiva autonómica a través do Comité Galego de Xustiza Deportiva, e é competente para a incoación, instrución e resolución de expedientes disciplinarios deportivos aos membros das federacións deportivas galegas.

SEGUNDO.-En relación á de Alegación de Nulidade Formal.

O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD) desestima a alegación de nulidade formal exposta por D. XXXXXXXXXX, que se baseaba na suposta infracción do deber de separación entre a fase instrutora e a resolutoria, esixido polo artigo 63.1 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A alegación de nulidade baseouse en que a Proposta de Resolución, que debía ser un acto exclusivo do Instrutor, foi "acordada por unanimidade polo Pleno", contaminando ao órgano resolutor. O Comité rexeita que este defecto formal sexa invalidante polas seguintes razóns:

-O Defecto é Formal e non Implica Incompetencia Manifesta. O Comité sostén que o erro na referencia ao "Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva" no encabezamento non constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito segundo o artigo 47.1.b da LPACAP, xa que non hai un vicio de incompetencia manifesta.

A Proposta foi efectivamente formulada, asinada e notificada polo Instrutor (D. XXXXXXXX). O Instrutor é quen ten a competencia legal para formular este acto de trámite cualificado.

O Pleno, pola súa banda, é o órgano competente para a Resolución final. O erro está, por tanto, na denominación ou atribución formal no encabezado, non nun defecto na competencia material de quen ditou o acto de trámite, polo que se considera unha mera irregularidade non invalidante (Art. 48.3 LPACAP).

É importante recalcar que esta proposta de resolución nin figurou na orde do día nin na consecuente Acta do Pleno, o que implica que simplemente hai un erro de redacción no encabezamento do escrito, que obviamente non resulta invalidante.

-Ausencia de Indefensión Real e Material. A clave para desestimar a nulidade dun acto por defectos de forma reside en se se produciu unha indefensión real ao interesado, conforme ao artigo 48.2 da LPACAP.

A finalidade esencial da Proposta de Resolución é outorgar o trámite de audiencia ao interesado para que coñeza os feitos imputados e poida exercer o seu dereito de defensa.

Neste caso, o expedientado presentou formalmente as súas alegacións o 16 de outubro de 2025, o que demostra que o acto alcanzou plenamente a súa finalidade e non se produciu indefensión material algunha.

A posición do Comité está apoiada pola xurisprudencia do Alto Tribunal. A Sentenza do Tribunal Supremo núm. 823/2021, do 9 de xuño, estableceu que a omisión dun trámite de audiencia, incluso sendo un defecto de maior gravidade, "carece, con

todo, de efecto invalidante cando tal omisión non produciu indefensión real, material".

En virtude do principio de conservación dos actos e trámites (Art. 51 LPACAP), procede manter o acto de trámite, pois o erro no encabezamento non altera o contido substancial da Proposta (feitos, cualificación, sanción).

En resumo, o Comité desestima a alegación de nulidade porque o defecto foi de natureza formal, non de competencia, e non causou indefensión material ao interesado, xa que exerceu plenamente o seu dereito de defensa.

TERCEIRO.- En canto ao Aproveitamento Ilexítimo.

A ilexitimidade da conduta baséase no aproveitamento particular do cargo para obter un beneficio financeiro en condicións extraordinariamente vantaxosas, a pesar de que a Federación Galega de XXXXXXXX utilice fondos privados.

Entendemos importante poñer de manifesto o dano á federación, acentuado polas condicións do crédito e o tempo de uso, lembrando que a devolución do capital realizouse en novembro de 2024 (aproximadamente dous anos despois da súa formalización o 29 de decembro de 2022) polo que a responsabilidade do Presidente redundaría no seguinte:

-A obtención dun beneficio particular ilexítimo debido a que D. XXXXXXXXX utilizou a estrutura federativa como unha ferramenta de financiamento persoal e urxente para atender unha necesidade privada (préstamo hipotecario). Obter un crédito de 50.000 euros a 0% de interese e a longo prazo (4 anos) o que constitúe un beneficio particular e extremadamente vantaxoso que dificilmente se obtería no mercado financeiro.

-Desvío do patrimonio federativo (fondos propios) do seu obxecto social (promoción deportiva) durante aproximadamente dous anos (Decembro do 2022 a Novembro de 2024), poñéndoo ao servizo dun interese particular e urxente do presidente (atender un préstamo hipotecario persoal).

-Vulneración o deber de dilixencia, xa que o Presidente, como máximo responsable, ten un deber de dilixencia na administración do patrimonio federativo. A operación desviou os recursos da entidade (fondos privados) do obxecto social da federación (promoción deportiva) para servir a un interese particular do presidente.

Deficiencias de Transparencia: A falta de detalle das condicións financeiras (interese, vencemento) na acta da Xunta Directiva do 23 de decembro de 2022 reforza o déficit de transparencia e o control interno. A mera aprobación posterior das contas anuais, onde figura o crédito como activo financeiro, é insuficiente para equipararse a unha resolución ou acordo expreso da Asemblea Xeral que aprobe as condicións particulares do préstamo ao Presidente. O rigor formal esixido para actos que afectan a altos cargos (conforme á Resolución 336/2024 do TAD) non se cumpriu.

A este respecto fai referencia o expedientado nas súas alegacións á sesión celebrada o 22 de xuño de 2023, achegando unha declaración xurada subscribida por 21 membros da devandita Asemblea, na que se afirma que nesa sesión "deuse conta da formalización dun préstamo gratuíto, sen intereses, da Federación Galega de XXXXX ao seu presidente por importe de cincuenta mil euros, cun prazo de devolución de catro anos prorrogables". Esta declaración non se ten en conta xa que non se achega nin a orde do día nin a acta da devandita Asemblea o que clarificaría este extremo, e daría a coñecer a votación do acordo, xa que se descoñece o quórum da mesma e se o acordo foi ratificado ou non pola maioría.

Polo tanto este Comité entende que o uso da estrutura federativa como ferramenta de financiamento privado considérase un aproveitamento ilexítimo do cargo tipificado como infracción moi grave no artigo 116, letra ñ) da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia. A corrección posterior, aínda que atenúa a sanción, non anula a existencia da infracción inicial.

CUARTO.- En canto á petición subsidiaria de redución da sanción.

Xa na proposta de resolución valórase a atenuante de corrección, recoñecendo a devolución íntegra do capital en novembro de 2024 como unha circunstancia que

diminúe o prexuízo económico causado ao patrimonio federativo, valorándose como atenuante de corrección, conforme ao artigo 124, letra g) da Lei 3/2012 pero desestímase a pretensión de rebaixar a cualificación da infracción ao grao grave.

En canto á proporcionalidade da Sanción, a pesar da concorrencia da atenuante, a natureza da conduta é constitutiva dunha infracción moi grave (Art. 116.ñ Lei 3/2012) debido ao desvío de recursos federativos e o claro conflito de intereses.

Tendo en conta a gravidade da conduta inicial e a atenuante de corrección, a sanción de OITO MESES de inhabilitación considérase a debida adecuación entre a gravidade do feito e a sanción aplicada, sendo proporcionada dentro do rango legal previsto (Art. 121 e 124 da Lei 3/2012). Por tanto, non procede a rebaixa da sanción ao réxime previsto para as infraccións graves.

PARTE DISPOSITIVA

O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva, en uso das facultades que lle confire a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia e demais normativa de aplicación,
RESOLVE:

PRIMEIRO. CONFIRMAR a cualificación e a proposta de sanción.

SEGUNDO. DECLARAR PROBADA a existencia dunha infracción moi grave, consistente no aproveitamento particular e ilexítimo do cargo que ocupa na entidade deportiva, tipificada no artigo 116, letra ñ) da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, cometida por D. XXXXXX, Presidente da Federación Galega de XXXXXXXX

TERCEIRO. IMPOÑER a D. XXXXXXXXX, en aplicación dos artigos 121 e 124 da Lei 3/2012, a sanción de INHABILITACIÓN DURANTE OITO MESES para ocupar cargos en calquera federación deportiva.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso

administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, 13 de Novembro de 2025.

O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva

P.O. A secretaria

(asinado dixitalmente)